

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*ORDE do 20 de novembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2015.*

De acordo co disposto no artigo 148.1.11 da Constitución, en virtude do establecido no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma ten competencia exclusiva en materia de caza.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten atribuída a ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos segundo o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en relación co Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

O lobo mantén unha poboación abundante na xeografía galega. A súa presenza nos nosos montes non só é un expoñente da nosa rica biodiversidade senón, ademais, un elemento destacado no equilibrio biolóxico do medio en que se desenvolve.

As súas necesidades alimenticias entran ás veces en conflito cos intereses do sector gandeiro, que sofre a depredación que ocasionalmente realiza sobre o gando. É por iso polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para conciliar o interese pola pervivencia da especie co das actividades gandeiras, pon en marcha unha liña de axudas, de carácter compensatorio, para reparar os danos ocasionados sobre o gando vacún, ovino, cabrún, equino e porcino de Galicia, sempre que os danos procedan de ataques que non poidan evitarse polo tipo de gando ou polo sistema de explotación e non cando poida demostrarse negligencia ou intencionalidade de non protexer o gando.

Tendo en conta a información sobre os ataques de lobos recollida nos últimos anos, o importe das axudas incrementarase nun 30 % cando afecte explotacións dos concellos incluídos na zona 1 do Plan de xestión do lobo en Galicia, recollidos no anexo III desta orde.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel



reglamentario a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

Nos vindeiros exercicios estas axudas financiaranse con cargo ás consignacións orzamentarias que, mediante disposición complementaria, se determinen anualmente, de acordo co contido da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio. Para o 2015, o referido importe recóllese no artigo 13 desta orde.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto e principios*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor dos/as titulares de actividades gandeiras afectados/as polos ataques do lobo ás reses das súas explotacións, coa finalidade de compensar os danos ocasionados no seu gando, e proceder á súa convocatoria para o ano 2015.

2. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

##### Artigo 2. *Beneficiarios/as*

1. Poderanse acoller a estas axudas os/as propietarios/as do gando que se especifica no anexo I e que fose afectado por ataques de lobos dentro da comunidade autónoma.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as das axudas previstas nesta orde as persoas ou entidades en que se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou os/as propietarios/as de gando vacún leiteiro que teñan tres ou máis animais mortos por ataques de lobo nun mesmo ano ou máis de cinco nos tres últimos e nos casos en que se poida demostrar unha clara negligencia na protección dos animais contra os ataques do lobo.



### Artigo 3. *Requisitos*

O gando danado polo cal se solicita a axuda deberá cumprir cos seguintes requisitos:

a) Pertencer a unha explotación incluída no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia.

b) O gando bovino, ovino e cabrún deberá cumprir cos requisitos sanitarios establecidos nos programas de control, vixilancia e erradicación de enfermidades que poden afectar as especies gandeiras de acordo coa normativa aplicable para o efecto.

No caso do gando porcino, deberá pertencer á raza celta e cumprir cos requisitos sanitarios establecidos no Real decreto 599/2011, do 29 de abril, polo que se establecen as bases do plan de vixilancia sanitaria do gando porcino e no Real decreto 360/2009, do 23 de marzo, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.

c) Estar identificado de acordo coa normativa aplicable para o efecto e, no caso de gando porcino de raza celta, deberá estar identificado individualmente e estar inscrito no Libro xenealóxico da raza.

### Artigo 4. *Ámbito temporal*

Esta orde comprende as axudas para os danos producidos polo lobo que se comuniquen desde o 1 de outubro de 2014 ata o 30 de setembro de 2015.

### Artigo 5. *Comunicación do dano*

1. Nas vinte e catro horas seguintes ao ataque, os/as propietarios/as das reses deberán poñelo en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas mediante unha chamada, no horario hábil, ao teléfono 012, na cal se lles facilitará unha chave que servirá para acreditar a chamada e identificar o expediente.

O horario hábil de atención telefónica é desde as 8.00 ata as 20.00 horas, de luns a venres, e desde as 8.00 ata as 17.30 horas, os sábados.

Para os danos producidos entre as 17.30 horas dos sábados e as 8.00 horas dos luns, a comunicación do ataque realizarase nas vinte e catro horas seguintes contando desde as 20.00 horas do domingo.



Os animais mortos non poderán ser manipulados para non obstaculizar o labor investigador dos/as axentes que se despracen ao lugar para valorar os feitos e elaborar a correspondente acta.

Os animais feridos poderán ser atendidos polos veterinarios/as coa menor manipulación posible co obxecto de non entorpecer o labor investigador.

2. A partir do 1 de outubro de 2015 poderán realizarse comunicacións por danos de lobo de acordo co establecido nos parágrafos anteriores, e quedará condicionada a concesión de axudas a unha nova convocatoria no ano 2016.

#### Artigo 6. *Solicitudes*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As solicitudes dirixiranse ás xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

2. A solicitude de axuda (anexo II desta orde) inclúe as seguintes declaracións do/da solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

b) Declaración da conta para a transferencia bancaria.

c) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.



3. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

4. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos ou documentos coa finalidade de acreditar a identidade da persoa solicitante. Polo tanto, o modelo de solicitude normalizado incluírá unha autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos achegados no procedemento administrativo. No caso de que a persoa interesada non autorice o órgano xestor para realizar esta operación, estará obrigada a achegalos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

5. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios/as e o importe das axudas concedidas. Incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios/as e a referida publicidade.

6. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións informativas coa cidadanía e entidades», que ten por obxecto xestionar este procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas-Secretaría Xeral Técnica; Edificio Administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou a través dun correo electrónico a [sx.cmati@xunta.es](mailto:sx.cmati@xunta.es)



**Artigo 7. Documentación**

1. Xunto coa solicitude de axuda presentárase a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa do gando afectado:

– Do gando bovino:

- DIB dos animais con identificación.
- DIB da nai no caso dos animais que estean sen identificar.
- Copia da folla do último saneamento gandeiro.

– Do gando ovino:

- Copia da folla do último saneamento gandeiro.

– Do gando equino:

- Documento DIE ou documento LISE (para animais provistos de microchip antes do 1 de xullo de 2009) ou DIE simplificado para animais con brinco electrónico.

– Do gando porcino:

- Certificado da asociación da identificación e rexistro no libro xenealóxico dos animais polos cales se solicita a axuda.

b) Fotocopia do NIF do/a propietario/a das reses.

As persoas físicas que consintan expresamente na solicitude a autorización de comprobación por parte do órgano competente da Administración, a través de medios electrónicos, dos seus datos persoais non terán que presentar a copia do NIF.

c) Se a titular for unha persoa xurídica, acordo do órgano competente polo cal se aprobou a solicitude desta axuda.

d) Cando se actúe en nome doutra persoa física ou xurídica, así como dunha comunidade de bens, deberase acreditar a representación con que se actúa.



e) No caso de animais feridos, a factura dos gastos veterinarios segundo o especificado no artigo 9.2.

2. Ante o carácter compensatorio destas axudas, para a xustificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, será suficiente cunha declaración responsable do interesado que xa se inclúe na propia solicitude formalizada.

3. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 8. *Prazo de presentación de solicitudes*

Os prazos de presentación da solicitude de axuda serán os seguintes:

a) Para os danos comunicados entre o 1 de outubro de 2014 e a entrada en vigor desta orde, o prazo de presentación será de corenta e cinco (45) días naturais contados a partir da entrada en vigor desta orde.

É requisito imprescindible que se teña previamente comunicado o ataque do xeito e no prazo previsto na Orde do 16 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2014.

b) Para os danos ocasionados a partir da entrada en vigor desta orde, o prazo de presentación será de corenta e cinco (45) días naturais contados desde o día seguinte ao da comunicación do dano.

#### Artigo 9. *Importe das axudas*

1. O importe das axudas por morte do gando figura no anexo I desta orde.

Este importe incrementarase nun 30 % cando afecte explotacións dos concellos incluídos na zona 1 do Plan de xestión do lobo en Galicia, recollidos no anexo III desta orde.

2. No caso de animais feridos, a axuda estimarase en función dos gastos veterinarios producidos e acreditados (enténdese por gasto veterinario tanto a actuación do profesional como o tratamento prescrito), nunha contía que en ningún caso poderá exceder o límite das contías previstas no anexo I desta orde.



Cando os animais feridos sexan varios exemplares, admitiranse facturas conxuntas do servizo veterinario en que se relacione de xeito individual cada un dos animais feridos coa súa idade.

3. O sacrificio eutanásico poderase equiparar á morte e, neste caso, a atención veterinaria non será obxecto de indemnización.

#### Artigo 10. *Procedemento de concesión*

1. A concesión das axudas para paliar os danos producidos polo lobo tramitarase en réxime de concorrencia.

2. O procedemento de concesión iniciarase coa presentación da solicitude de axuda.

3. De conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tendo en conta o carácter compensatorio que presentan as axudas para paliar os danos producidos polo lobo, exceptúase expresamente o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos nesta orde.

4. Estas axudas tramitaranse mediante o procedemento abreviado ao abeiro do artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 11. *Tramitación*

1. As solicitudes remitiranse ás xefaturas territoriais. Os servizos de Conservación da Natureza examinaranas e revisarán a documentación acompañante que se especifica no artigo 7 desta orde.

No caso de que sexan detectados erros ou omisións, requirirase o/a interesado/a para que, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fixer así, terase por desistido da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os servizos de Conservación da Natureza, dentro dos seus ámbitos territoriais, analizarán, a través das unidades encargadas da comprobación de danos, a natureza dos ataques do lobo obxecto da solicitude de subvención e realizarán a súa valoración.





3. Cada vinte días hábiles, os servizos de Conservación da Natureza remitirán á Dirección Xeral de Conservación da Natureza a documentación relativa ás solicitudes avaliadas no dito período.

4. Na semana seguinte á recepción dos expedientes, a Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas formulará as propostas á Dirección Xeral de Conservación da Natureza ata esgotar o crédito consignado para o efecto.

5. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

#### Artigo 12. *Resolución e recursos*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde corresponde á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses desde a presentación da solicitude de axuda. Transcorrido o prazo sen que se ditase resolución expresa, os/as solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos no artigo 44.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no número 1 deste artigo, poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución for expresa, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 e 46 da Lei 26/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 13. *Crédito*

1. Esta convocatoria de axudas tramitarase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2015, no momento da resolución.



2. As axudas reguladas na presente orde financiaranse, no exercicio 2015, con cargo á aplicación orzamentaria 07.05.541B.470.1. O importe asignado é de cento seis mil trinta e cinco euros (106.035,00 euros) sen prexuízo do incremento orzamentario que se poida realizar con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

3. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde cando o incremento derive:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

c) No suposto previsto no artigo 25.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se for o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.

4. As solicitudes e recursos estimados de anos anteriores que non se poidan conceder por insuficiencia orzamentaria ou por atrasos na tramitación por causa da Administración, atenderanse con cargo á convocatoria do ano seguinte de se produciren.

#### Artigo 14. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas para paliar os danos producidos polo lobo reguladas nesta orde será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda, a fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencional en Galicia.

2. Os/as interesados/as terán, en calquera momento, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. A solicitude para ser beneficiario/a de axudas para paliar os danos producidos polo lobo levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solici-



tude. Non obstante, os/as solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorra algunha das circunstancias previstas na letra d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 15. *Compatibilidade*

1. As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre que a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos conforme o establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Estas axudas serán incompatibles coas cantidades percibidas en concepto de indemnización polos mesmos danos derivados dun expediente de responsabilidade patrimonial.

#### Artigo 16. *Disposicións xerais*

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Os/as beneficiarios/as están obrigados/as a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, citada, nos casos e termos previstos no artigo 33 da mesma lei.



5. Publicarse no *Diario Oficial de Galicia* a relación das axudas concedidas cando o importe destas, individualmente consideradas, sexa igual ou superior aos 3.000 euros. Para as de contía inferior, a relación das concedidas e denegadas farase pública a través da páxina web da consellería, nos termos establecidos no artigo 13, puntos 3 e 4, da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e tamén as sancións que se puideren impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as beneficiarios/as e da súa publicación na citada páxina web.

Disposición adicional única. *Delegación de funcións*

Delégase na persoa titular da Secretaría Xeral Técnica o exercicio da competencia para conceder ou denegar as axudas obxecto desta orde, contida no seu artigo 12.1, consonte o disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Conservación da Natureza para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2014

Ethel María Vázquez Mourelle  
 Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

ANEXO I  
**Baremo utilizado para o pagamento de axudas polos ataques do lobo**

Especie	Clase e idade	Custo calidade normal	Custo calidade selecta
Ovino	Año < 12 meses	58 €	88 €
Ovino	Adulto ≥ 12 e < 6 anos	102 €	124 €
Ovino	Adulto ≥ 6 anos	26 €	31 €
Cabrún	Cabrito < 12 meses	73 €	109 €



Especie	Clase e idade	Custo calidade normal	Custo calidade selecta
Cabrún	Adulto $\geq 12$ e $< 6$ anos	102 €	131 €
Cabrún	Adulto $\geq 6$ anos	26 €	31 €

Especie	Clase e idade	Raza celta
Porcino	Leitón $< 3$ meses	90 €
Porcino	Porco $\geq 3$ meses e $< 6$ meses	150 €
Porcino	Porco $\geq 6$ meses e $< 9$ meses	200 €
Porcino	Porco da ceba $\geq 9$ e $< 12$ meses	300 €
Porcino	Porco da ceba $\geq 12$ meses	380 €
Porcino	Reprodutoras	360 €
Porcino	Reprodutora preñada	400 €
Porcino	Reprodutor	450 €

Especie	Clase e idade	Custo rubia galega	Custo outras razas autóctonas*	Custo vacún leiteiro	Resto das reses de gando vacún
Vacún	Becerro $< 2$ meses	277 €	327 €	218 €	218 €
Vacún	Becerro $\geq 2$ meses e $< 4$ meses	348 €	416 €	277 €	277 €
Vacún	Becerro $\geq 4$ meses e $< 6$ meses	581 €	763 €	509 €	509 €
Vacún	Becerro $\geq 6$ meses e $< 1$ ano	598 €	788 €	526 €	526 €
Vacún	Vacún $\geq 1$ ano e $< 2$ anos	799 €	1.045 €	871 €	697 €
Vacún	Vacún $\geq 2$ anos e $< 6$ anos	1.090 €	1.635 €	1.452 €	1.090 €
Vacún	Vacún $\geq 6$ anos e $< 9$ anos	871 €	1.198 €	799 €	799 €
Vacún	Vacún $\geq 9$ anos	523 €	653 €	436 €	436 €

\* Cachena, caldelá, vianesa, limiá e frieiresa.

Especie	Clase e idade	Custo pura raza galega	Custo outros cabalos
Equino	Poldro $< 2$ meses	198 €	158 €
Equino	Poldro $\geq 2$ meses e $< 4$ meses	258 €	198 €
Equino	Poldro $\geq 4$ meses e $< 6$ meses	396 €	330 €
Equino	Poldro $\geq 6$ meses e $< 1$ ano	594 €	496 €
Equino	Equino $\geq 1$ ano e $< 2$ anos	634 €	541 €
Equino	Equino $\geq 2$ anos e $< 10$ anos	792 €	594 €
Equino	Equino $\geq 10$ anos	594 €	449 €
Asnal	Asnal $< 1$ ano	60 €	
Asnal	Asnal $\geq 1$ ano e $< 10$ anos	200 €	
Asnal	Asnal $\geq 10$ anos	150 €	
Mular	Mular $< 1$ ano	100 €	
Mular	Mular $\geq 1$ ano e $< 10$ anos	300 €	
Mular	Mular $\geq 10$ anos	225 €	





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

## ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS ECONÓMICAS PARA PALIAR OS DANOS PRODUCIDOS POLO LOBO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MT809B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL  NIF

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)  
 IBAN

**IDENTIFICACIÓN DO DANO**

CÓDIGO IDENTIFICACIÓN DA DENUNCIA  DATA DO DANO  TIPO DE GANDO  Nº DE CABEZAS AFECTADAS

PARROQUIA  LUGAR


PROVINCIA  CONCELLO

**DANOS RECLAMADOS**

Especie segundo anexo I	Idade da res	Estado	Número de marca auricular

**DATOS DA SUBVENCIÓN**

IMPORTE QUE SOLICITA

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: 23o29xs7-t7x3-equ8-rzfb-1rztgwegmvz2



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

**ANEXO II**  
 (continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Acreditación da condición de propietario/a da res pola persoa solicitante da axuda.
- Se o titular é unha asociación, acordo do órgano competente polo que se aproba a solicitude de axuda.
- Copia do NIF da persoa solicitante destinataria da subvención ou persoa que o representa (só no caso de persoa xurídica).
- Copia do DNI no caso de persoas físicas (só no caso de non autorizar a súa consulta).
- Factura do veterinario.

Autorizo a Consellería para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

- SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [sx.cmati@xunta.es](mailto:sx.cmati@xunta.es)


**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 20 de novembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2015.


**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



## ANEXO III

## Concellos da zona 1

## – Provincia da Coruña

Aranga  
As Pontes de García Rodríguez  
Dumbría  
Mazaricos  
Monfero  
Muxía  
Sobrado dos Monxes  
Toques  
Vimianzo

## – Provincia de Lugo

Abadín  
Alfoz  
Baralla  
Friol  
Guitiriz  
Muras  
O Corgo  
O Incio  
O Páramo  
O Valadouro  
Ouro  
Samos  
Triacastela

## – Provincia de Ourense

A Bola  
Avión  
Baltar  
Bande





Beariz  
Calvos de Randín  
Cualedro  
Entrimo  
Lobeira  
Lobios  
Melón  
Muíños  
Os Blancos  
Rairiz de Veiga  
Vilar de Santos

– Provincia de Pontevedra

A Cañiza  
A Estrada  
A Lama  
Cerdedo  
Covelo  
Cuntis  
Forcarei  
Fornelos de Montes  
Valga

